



RESOLUCION DE ALCALDIA

Mediante acordo da Xunta de Goberno Local, en sesión celebrada con data once de maio de dous mil dezasete, aprobáronse as bases reguladoras do proceso de selección de persoal mediante a constitución dunha bolsa de emprego público temporal. Rematado o prazo de presentación de instancias/solicitudes de participación o día 08/06/2017 e tendo en conta que nas Bases da convocatoria no apartado Sexto indica “*Terminado o prazo de presentación de instancias, o Presidente da Corporación, no prazo de cinco días naturais ditará Resolución declarando aprobada a lista provisional de admitidos e excluídos, con indicación das causas que motivan a exclusión, concedéndose un prazo de cinco días naturais para a emenda de erros dende a publicación. A lista de admitidos e excluídos publicarase no taboleiro de anuncios e na páxina web do concello.*”, debido ao volume de instancias presentadas e tendo en conta que debemos agardar a que cheguen todas as que se presentaron noutros rexistros e nas Oficinas de Correos, non é posible aprobar lista provisinal de admitidos e excluídos no prazo de cinco días naturais, fixado nas Bases, motivo polo que, basándome nas competencias outorgadas polo artigo 21 da Lei 7/1985, Reguladora de Bases do Réximen Local e demais de aplicación,

RESOLVO:

1.- A Resolución declarando aprobada a lista provisional de admitidos e excluídos, con indicación das causas que motivan a exclusión, publicarase no prazo máximo de 10 días hábiles, dende a data de remate da presentación das instancias/solicitudes.

Mándoo e asínoo eu, Alcalde, Carlos Martínez Carrillo, na data referenciada á marxe. Ante min o Secretario da Corporación, Carlos J. Méndez-Losada Abalo